



Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción: Actuacións no Camiño Portugués en Santiago de Compostela. Treito: Rúa Escurrída- Ponte Vella, de clave: AC/18/024.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 23, do 1 de febreiro 2019, publicouse o Anuncio do 24 de xaneiro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o documento básico: Actuacións no Camiño Portugués en Santiago de Compostela. Treito: Rúa Escurrída- Ponte Vella, de clave: AC/18/024.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes certificados, e no trámite de información pública non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Declarouse, de acordo co artigo 80 la Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, de interese social, a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos contemplados no proxecto de construción: Actuacións no Camiño Portugués en Santiago de Compostela. Treito: Rúa Escurrída- Ponte Vella, de clave: AC/18/024.06.

Segundo.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, de acordo co establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954 de Expropiación Forzosa, e os concordantes do seu Regulamento, someteuse ao trámite de información pública a relación de bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de construción.



Terceiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG n.º 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e tralos certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: Actuacións no Camiño Portugués en Santiago de Compostela. Treito: Rúa Ecurrida- Ponte Vella, de clave: AC/18/024.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Mariñeiz Iglesias